

“C”



FESTIVAL
'AIX
EN PROVENCE

AUDITORIO DE GALICIA
SALA MOZART
xuño-xullo 2016

PROXECCIONS DE ÓPERAS DO FESTIVAL DE AIX-EN-PROVENCE

En colaboración con:

arte

Fondation  orange

INSTITUT
FRANÇAIS



A FRAUTA MÁXICA, W. A. Mozart
A TRAVIATA, G. Verdi
O REISEÑOR, I. Stravinski
COSÍ FAN TUTTE, W. A. Mozart
PELLEAS E MELISANDE, C. Debussy

ENTRADA LIBRE
ata completar aforo

21XUÑO
A FRAUTA MÁXICA
Wolfgang Amadeus Mozart

28XUÑO
A TRAVIATA
Giuseppe Verdi

05XULLO
O REISEÑOR,
CONTO LÍRICO EN TRES ACTOS
Igor Stravinsky

12XULLO
COSÍ FAN TUTTE
Wolfgang Amadeus Mozart

19XULLO
PELLÉAS E MELISANDE
Claudie Debussy

WOLFGANG AMADEUS
MOZART
(1756-1791)

21
XUÑO
2016

Dirección musical **Pablo Heras-Casado**
Posta en escena **Simon McBurney**
Decorados **Michael Levine**
Vestuario **Nicky Gillibrand**
Iluminación **Jean Kalman**
Vídeo **Finn Ross**
Son **Gareth Fry**
Movemento escénico **Josie Daxter**
Tamino **Stanislas de Barbeyrac**
Pamina **Mari Eriksmoen***
A Raíña da Noite **Kathryn Lewek**
Papageno **Josef Wagner**
Papagena **Regula Mühlemann**
Sarastro **Christof Fischesser**
Monostatos **Andreas Conrad**
Primeira dama **Ana-Maria Labin***
Segunda dama **Silvia de La Muela***
Terceira dama **Claudia Huckle**
Orador **Maarten Koningsberger**
1º sacerdote e
2º home armado **Krzysztof Baczyk***
2º sacerdote e
1º home armado **Elmar Gilbertsson**
Coro de nenos da Academia Coral de Dortmund (Tres nenos)
**Antigos artistas da Academia Europea de Música*
Coro **English Voices**
Orquestra **Freiburger Barockorchester**

A FRAUTA
MÁXICA



Singspiel en dous actos
Libreto de Emmanuel Schikaneder
Estreada o 30 de setembro de 1791
no Teatro Auf der Wieden en Viena

AUDITORIO DE GALICIA
SALA MOZART 20:00 h

Produción do
Festival de Aix-En- Provence 2014

Duración: 3 h e 15 min (descanso incluído)
Subtítulos en español

ACTO I

O príncipe Tamino foxe dunha enorme serpe que consegue mordelo e cae ao chan sen coñecemento. Tres damas, enviadas pola Raíña da Noite, matan ao gran réptil e salvan a Tamino. Cando este volve en si queda atónito ao verse en presenza dun estraño ser chamado Papageno, quen presume de ter matado a serpe. As damas, indignadas pola súa mentireira presunción, castigan a súa lería colocándolle un cadeado na boca que lle impide pronunciar unha soa palabra. Aparece a Raíña da Noite e, mostrando un retrato da súa filla Pamina a Tamino prégalle que vaia liberala do encerro en que a mantén cativa o gran sacerdote de Isis, Sarastro. Subxugado polo encanto de Pamina, Tamino prométello. Se logra liberala, Pamina será súa. Para preservalos a el e ao seu criado dos perigos que os axexan, a Raíña da Noite fai entregar a Tamino unha fruta máxica e a Papageno, mentres tanto liberado do cadeado, un carillón. Tres rapaces ensinarlles o camiño ata o reino de Sarastro. Alí Papageno atopa a Monostatos, quen custodia a fermosa Pamina, no momento en que este a aprema a Pamina despois de frustrar o seu intento de fuxir. Ambos están asustados e sepáranse. Papageno volve e conta a Pamina que o príncipe vén liberala do seu encerro.

Mentres, os tres rapaces conducen a Tamino ao Templo da Sabiduría e recoméndanlle manterse imperturbable, indulxente e calado. Despois de ser rexeitado dúas veces ante as portas do templo, un sacerdote sae ao seu encontro. Explícalle que, contrariamente ás palabras da Raíña da Noite, Sarastro non é ningún malvado, senón que proclama a verdade, a máxima sabedoría, e anuncia a luz. Tamén lle aclara que soamente raptara a Pamina para a súa purificación. Perseguidos por Monostatos que quere

coller presos os dous fuxitivos, Papageno bota man do seu carillón e todos bailan ata que aparece Sarastro. Pamina confésalle a súa fuxida e obtén de Sarastro o perdón, non sen ter sido advertida contra a súa ambiciosa nai. Agora Monostatos arrastra a Tamino. Os amantes recoñécense á primeira ollada, pero Monostatos sepáraos; Sarastro intervén e fai levar a Tamino e a Papageno ao templo probatorio.

ACTO II

Sarastro anuncia aos sacerdotes a presenza de Pamina e Tamino. Este debe, primeiro, saír vitorioso das probas xunto a Papageno, para poder entrar no Templo da Sabedoría, e despois Pamina será súa. Posto que as tres damas non conseguen que Tamino e Papageno rompan o seu silencio, estes saen airosos da primeira proba. A Raíña da Noite entrega un puñal á súa filla Pamina para que mate a Sarastro. Monostatos, que está escoitando, quere aproveitar para si esta situación e obrigar a Pamina a amalo ou do contrario mataraa co mesmo puñal; a intervención de Sarastro, vingador por pura nobreza de sentimentos, impídeo.

Tamino e Papageno deben seguir calados. Aparece entón unha muller vella e fea que desexa a Papageno por esposo. Este saborea comida que lle levaron os tres rapaces, mentres que Tamino resiste esta tentación e coa súa fruta máxica fai acudir a Pamina; porén, ao dirixirle esta a palabra e non obter contestación, pois segue fiel á súa promesa, pensa que xa non a ama e marcha desgraciada. A Papageno, alegre polo viño que tomou, pois os praceres deste mundo tráeno máis que as celebracións nos templos, vólveselle aparecer a vella, que de repente se

transforma en Papagena, aínda que só para serlle rapidamente ocultada de novo. Asegurándolle que Tamino segue amándoa, os tres rapaces arrincan a Pamina o puñal co que se quere suicidar. Pamina e Tamino percorren o camiño que lles sinalan dous homes armados con coirazas; diríxense ao Templo de Isis, para o que teñen que atravesar primeiro unha fogueira e despois unha ferverza.

Papageno, desesperado pola desaparición da súa Papagena, decide aforcarse nunha árbore. Os tres rapaces lémbrenlle que dispón do seu carillón, e con el atrae á súa mulleriña. Con axuda de Monostatos, a Raíña da Noite introduciuse no Templo de Sarastro coas súas tres damas. Non obstante, raios e tronos proxéctana ao abismo.

As rochas transfórmanse no Templo da Sabedoría, no que a luz radiante rodea aos sacerdotes e a Sarastro e ao que agora tamén Pamina e Tamino terán acceso. Con gran contento o coro de asistentes á cerimonia expresan o seu beneplácito entoando un canto de loanza aos noivos.

28
XUÑO
2016

GIUSEPPE
VERDI
(1813-1901)

A
TRAVIATA

Ópera en tres actos
Libreto de Francesco Maria Piave
Segundo *A Dama das Camelias*
de Alexandre Dumas fillo
Estreada o 6 de marzo de 1853
no Teatro de la Fenice de Venecia

AUDITORIO DE GALICIA
SALA MOZART 20:00 h

Produción do Festival de Aix-en-Provence 2011

En coprodución coa Wiener Staatsoper e a Opéra de Dijon

Coprodutor asociado: Théâtre de Caen

Coa colaboración do Departamento de Hauts-de-Seine /
Musée Albert-Kahn

Duración: 2 h e 40 min (descanso incluído)

Subtítulos en español

| | |
|--------------------------|-------------------------------------|
| Dirección musical | Louis Langrée |
| Posta en escena | Jean-François Sivadier |
| Escenografía | Alexandre de Dardel |
| Vestuario | Virginie Gervaise |
| Iluminación | Philippe Berthome |
| Maquillaxe, perrucas | Cécile Kretschmar |
| Asistente escénico | Véronique Timsit |
| Asistente musical | Nicolas Kruger |
| Repetidor | Stefano Gibellato |
| Canto | Morgane Fauchois-Prado |
| | Mathieu Pordoy |
| Coreografía | Johanne Saunier |
| Asistente de vestuario | Tanya Sayers |
| Asistente de iluminación | Grégoire de Lafond |
| | Natalie Dessay |
| Violetta Valéry | Charles Castronovo |
| Alfredo Germont | Ludovic Tezier |
| Giorgio Germont | Ludovic Tezier |
| Flora Bervoix | Silvia de La Muela* |
| Annina | Adelina Scarabelli |
| Gastone | Manuel Nuñez Camelino |
| Barone Douphol | Kostas Smoriginas |
| Marchese d'Obigny | Andrea Mastroni |
| Dottor Grenvil | Maurizio Lo Piccolo* |
| Giuseppe | Mati Turi |
| Criado de Flora | Rainer Vilu |
| Comisionado | Uku Joller |
| Servo | Rachid Zanouda |
| Coro | Estonian Philharmonic Chamber Choir |
| Director de coro | Mikk Uleoja |
| Orquestra | London Symphony Orchestra |

*Antigo artista da Academia Europea de Música



ACTO I

A cortesá dá un convite aos seus amigos, entre os que se atopa Gastón, quen lle presenta a Alfredo e lle di que o mozo está namorado dela. Violeta recibe con frivolidade o cumprimento. Sentan á mesa e Alfredo fai o brinde, ao que todos se unen. Cando as parellas se dispoñen a bailar noutro salón, Violeta séntese mal e Alfredo socórrea. Mentres a muller se repón, o mozo cóntalle como se namorou dela un día que pasou pola súa beira. Violeta entón entrégalle unha flor e pídelle que lla devolva ao día seguinte, cando xa estea murcha. O mozo tolea de ledicia ante esta cita e despídese da súa amada. Amence e os invitados vanse. Violeta, soa, séntese conmovida polas palabras de Alfredo e pensa que quizais sexa el o home da súa vida, pero axiña rexeita estes pensamentos xa que para el só existe o pracer. Mentres, o mozo dende fóra repítelle as súas frases de amor.

ACTO II

Cadro primeiro. Hai tres meses que Violeta e Alfredo viven xuntos, apartados da vida mundana. O mozo aléxase deste cambio e do amor que lle tributa a moza, cando de súpeto ve regresar a Annina de París, a onde foi para vender os últimos bens de Violeta para que a parella poida seguir mantendo o tren de vida que levan. O mozo decide conseguir cartos e pídelle á criada que non lle diga a Violeta o motivo da súa partida.

Ao pouco de marchar, a moza pregunta por el e estráñase das evasivas de Annina. Esta dálle unha invitación para a festa de disfraces que vai dar a súa amiga Flora, festa á que non asistirá. De súpeto preséntase o pai de Alfredo que quere vela coa esperanza de separar a parella. Aínda que Violeta é sincera e lle di que o seu fillo non gastou nin un céntimo do seu patrimonio e que ela está moi enferma,

Giorgio contéstalle que se non se separan, a irmá de Alfredo non poderá casar, xa que o home que a ama non está disposto a soportar o escándalo que significa a vida que leva o seu futuro cuñado. Violeta primeiro oponse, pero logo comprende que debe sacrificarse xa que a súa unión xamais será santificada pola Igrexa.

Cando Giorgio marcha agradecido e asombrado de tal acto, Violeta manda con Annina unha mensaxe a París, e logo escíbelle unhas liñas ao seu amado. Neste momento aparece Alfredo e trata de ler a carta, pero a moza négase. Dille que o seu pai está a piques de chegar e supón que tratará de separalos. Violeta pídelle entón que lle xure que sempre a amará tanto como ela o ama. Ao pouco tempo de saír, Alfredo recibe a misiva na que a súa amada lle di que deben separarse para sempre xa que prefire volver á súa antiga vida. Desesperado, non sabe que facer, a pesar do consolo que lle brinda o seu pai cando chega. Cando descobre a invitación de Flora, decide ir á festa para vingarse de Violeta.

Cadro segundo. A festa de máscaras está no seu apoxeo. A xente comenta que Violeta volveu co barón Douphol. Aparece Alfredo e encamiñase cara ás mesas de xogo. De alí a un anaco ségueno Violeta e o seu protector; este, ante as fanfurriñadas de Alfredo, enfróntaselle no xogo, aínda que nunca gaña. Ao servir a cea, todos saen menos Violeta e Alfredo. A moza pídelle que se vaia xa que o barón quere retalo a duelo. O home négase e dille que é o seu protector o que lle importa a ela. Violeta respóndelle que é certo porque o ama. Alfredo convoca os invitados e na súa presenza guíndalle a Violeta os cartos que gañou en pago polo que ela gastou con el. Giorgio quere acougar o seu fillo, pero non pode. Mentres, o barón rétao a duelo. Violeta desmáiasse.

ACTO III

Coa chegada do doutor Grenvil a moza esperta. O médico dille que está mellor, aínda que en realidade comunicalle a Annina que só lle quedan unhas horas de vida. Cando este marcha, Violeta, ordena á criada que reparta cos pobres a metade dos pouquísimos cartos que lle quedan. Logo relé a carta que lle enviou o pai de Alfredo; por ela soubo que o duelo non tivo un desenlace fatal e que o seu amado sabe toda a verdade porque lla contou seu pai. Alfredo aínda está no estranxeiro mais a piques de regresar. Pero xa é demasiado tarde. Nada queda da súa beleza nin da súa saúde. Violeta só aspira a que Deus a perdoe. Da rúa soben os alegres sons do Entroido. Annina aparece toda exultante: viu a Alfredo que se encamiña cara á casa. Un momento despois, os amantes abrázanse e deciden marchar da cidade. Cando Violeta intenta erguerse comprende que non pode. Chega Giorgio e pídelle perdón. Annina, que saíu na procura do médico, volve con este, mentres Violeta se despide de Alfredo entregándolle un medallón seu e desexándolle que atope unha muller digna del. De súpeto, Violeta deixa de sufrir e sente como se volvese á vida; un intre despois, morre.

05
XULLO
2016

IGOR
STRAVINSKI
(1882-1971)

O
REISEÑOR

AUDITORIO DE GALICIA
SALA MOZART 20:00 h

Conto lírico en tres actos
Libreto de Igor Stravinski e Stephan
Mitousov segundo Hans Christian
Andersen

Estrea o 26 de maio de 1914 na Ópera
de París

Precedido de *Pribaoutki*, *Berceuse du
Chat*, *Dos poemas de Constantin Balmont*,
Catro cantos de paisanos rusos e *Renard*

Produción do Festival de Aix-en-Provence (2010)

En colaboración con Ex-Machina

En coprodución coa Canadian Opera Company, Toronto,
Opéra National de Lyon e De Nederlandse Opera,
Amsterdam

Duración 2 h e 10 min (descanso incluído)

Subtítulos en español

Dirección musical **Kazushi Ono**
Posta en escena **Robert Lepage**
Escenografía **Carl Fillion**
Concepción
dos monicreques **Michael Curry**
Coreografía
dos monicreques **Martin Genest**
Vestuario,
perrucas e
maquillaxe
Iluminación
Concepción das
sombas chinesas **Mara Gottler**
Étienne Boucher
Philippe Beau

O reiseñor **Olga Peretyatko**
A cociñeira **Elena Semenova**
A morte **Svetlana Shilova**
O pescador **Edgaras Montvidas**
O emperador
da China **Ilya Bannik**
O bonzo **Yuri Vorobiev**

Coro **Coro da Ópera Nacional de Lyon**
Director de coro **Alan Woodbridge**

Orquestra **Orquestra da Ópera Nacional de Lyon**



ACTO I

O pescador, que oficia como comentador da historia, eleva o seu canto baixo a luz da lúa, celebrando a chegada da alba, a tranquilidade do mar, e o canto dos reiseñores. A canción do fantástico paxaro atraeu a atención da corte imperial. O persoal do palacio do emperador, entre eles, o bonzo, o chambelán, e os cortesáns, conducidos pola cociñeira, áchanse impacientes por escoitar o canto da ave, que xamais ouviron. Establécese un diálogo cómico entre os cortesáns, que equivocadamente toman o bruar dunha vaca e o croar dunha ra polo canto do reiseñor. Finalmente o paxaro preséntase e, encantado, o chambelán anúncialle que o emperador o convida a palacio. O reiseñor acepta. Desde fóra de escena, a voz do pescador conclúe o cadro, alegando: “As voces dos paxaros veñen dos espíritos celestiais. O seu canto conmove aos todopoderosos”.

ACTO II

Gran banquete no palacio imperial. Os serventes acenden as lámpadas festivas e preguntan á cociñeira a que se asemella o canto da ave máxica. A gran Marcha chinesa acompaña a procesión de entrada do soberano e a chegada do protagonista. Un lacaiño tráeo nunha póla, mentres que o emperador se acha sentado na súa liteira. A marabillosa canción do reiseñor, que fala das estrelas, das flores e da rosada, conmove fundamentalmente ao emperador, que lle ofrece tesouros polo seu canto. Pero o protagonista confórmase coas bágoas que caeron dos ollos do soberano, e non reclama outra recompensa. Neses momentos, o chambelán anuncia a chegada de tres emisarios xaponeses, que traen un reiseñor artificial agasallo do emperador do Xapón. Cando o fan cantar, o verdadeiro reiseñor desaparece. O emperador desexa volver escoitar ao reiseñor auténtico,

pero ao decatarse da súa ausencia, furioso, decláralo proscrito do imperio, anunciando que a súa réplica mecánica será proclamada primeiro cantante da corte. A procesión de cortesáns afástase, e de novo escoitamos a voz do pescador, anunciando a presenza da morte.

ACTO III

De noite, nos cuartos do emperador, que se acha moribundo na súa cama, un coro de espectros, representado por contraltos en escena, aterrorízano, lembrándolle as súas accións pasadas. A morte apoderouse do seu sabre e da súa coroa. O mandatario suplica que lle fagan escoitar música para aplacar os seus sufrimentos. Ante o seu desexo, preséntase o verdadeiro reiseñor, inspirándolle bos sonhos e reconfortándoo. Conmovidada, a morte tamén lle pide que continúe cantando, o que a ave fai só baixo a condición de que restituía ao emperador a súa coroa e o seu sabre. A salvo, o emperador pide ao reiseñor que quede a vivir no palacio, pero non querendo perder a súa liberdade, este promételle que volverá sempre para cantar para el. Achégase un cortexo fúnebre. Todos cren que o emperador morreu, momento no que este, alzándose do seu leito e completamente curado, os saúda cun simple “bo día”. Por terceira vez escoitase a voz do pescador, comentando a escena deste xeito, e concluindo a ópera coas frases: “Escoiten o canto dos paxaros. É o espírito do ceo o que fala a través deles”

WOLFGANG AMADEUS
MOZART
(1756-1791)

12
XULLO
2016

COSÌ
FAN TUTTE

Opera buffa en dous actos
Libreto de Lorenzo Da Ponte
Estreada o 20 de xaneiro de 1790
no Burgtheater de Viena

| | |
|-------------------|----------------------------|
| Dirección musical | Louis Langrée |
| Posta en escena | Christophe Honoré |
| Decorados | Alban Ho Van |
| Vestiario | Thibault Vancaenenbroeck |
| Iluminación | Dominique Bruguière |
| Fiordiligi | Lenneke Ruiten |
| Dorabella | Kate Lindsey |
| Despina | Sandrine Piau |
| Ferrando | Joel Prieto |
| Guglielmo | Nahuel di Pierro |
| Don Alfonso | Rod Gilfry |
| Coro | Cape Town Opera Chorus |
| Orquestra | Freiburger Barockorchester |

AUDITORIO DE GALICIA
SALA MOZART 20:00 h

Nova produción do Festival d'Aix-en-Provence 2016
Coprodución: Opéra de Lille, Korea National Opera,
Edinburgh International Festival

Duración 3 h e 30 min (descanso incluído)

Subtítulos en francés

ACTO I

Cadro primeiro. Guiglielmo e don Alfonso discuten sobre a frivolidade das mulleres á hora de amar. Os dous mozos néganse a admitir que as súas amadas, Fiordiligi e Dorabella, sexan capaces de enganalos, mentres Don Alfonso afirma que todas se comportan de igual xeito. A piques están de baterse cando o solteirón tras dicir que ninguén coñece a fidelidade feminina, lles propón apostar 100 cequis a que lles demostrará que antes de que remate o día as súas damas serán infieis. Ledos e seguros de gañar, os mozos aceptan a aposta.

Cadro segundo. As irmás cantan a loanza dos seus amados. Chega don Alfonso todo compunxido e, ante a preocupación das mulleres, cóntalles que o exército chama os homes á guerra. As mozas están desesperadas cando entran Ferrando e Guglielmo. Corren aos seus brazos e para os mozos a tristura das súas amadas é unha gran proba de amor e fidelidade. Ao lonxe escóitase un coro. Os homes prepáranse para partir e despídense de Fiordiligi e de Dorabella, mentres que don Alfonso ri da situación. Cando saen, as mulleres e o solteirón rogan que o bo tempo os acompañe na travesía. Este despídese co propósito oculto de reunirse cos mozos.

Cadro terceiro. Despina comenta o destino das criadas mentres serve o chocolate, pero nin Fiordiligi nin Dorabella teñen apetito. Esta última estoupa de dor pola ausencia do seu amado. Despina pregunta que pasou; ao sábelo, dilles que non hai que desesperarse: se perderon dous homes quedan todos os demais, e aconséllalles divertirse, xa que ningún é fiel. Cando todas saen, aparece don Alfonso e pretende que Despina sexa a súa cómplice, o que logra

non só con cartos, senón tamén por afinidade co seu xeito de pensar. Logo, o solteirón, fai entrar a Ferrando e a Guglielmo que, disfrazados de albaneses, non son recoñecidos nin sequera pola criada. Cando ven as damas finxen caer rendidamente namorados delas, mentres estas protestan por achar dous descoñecidos na súa casa. Don Alfonso preséntaos como íntimos amigos e prégalles que sexan amables con eles. Fiordiligi contéstalle que ela e a súa irmá son inconvencibles aos requebros do amor. Cando saen as mulleres, os homes bótanse a rir: os mozos, porque están convencidos da fidelidade das súas amadas; don Alfonso, porque sabe que sucederá o que el predixo. Cando Ferrando queda só, canta o amor que sente por Dorabella.

Cadro cuarto As irmás meditan sobre o cambio tan radical que se produciu nas súas vidas en cuestión de poucos minutos. De súpeto entran Ferrando e Guglielmo que, na súa desesperación por obter os favores das mulleres, finxen suicidarse bebendo veneno, mentres don Alfonso e Despina finxen tamén que intentan detelos. Don Alfonso sae con Despina para buscar o médico. As mulleres contan a situación tan terrible que as rodea, mentres os mozos se alegran da súa tenrura. Volve entrar don Alfonso, esta vez co doutor, que finxe curalos cunha gran pedra de imán. Os dous mozos recuperan pouco a pouco a lucidez. Todos se aledan da melloría. Ferrando e Guglielmo piden un bico ás damas para sentirse totalmente ben. Fiordiligi e Dorabella néganse, o que alegra aos seus amados.

ACTO II

Cadro primero. Despina volve á carga e alecciona ás súas señoras: non hai nada malo en coquetear e divertirse, pero as dúas seguen na súa teima. Cando as irmás quedan soas

chegan á conclusión de que falar cos mozos non prexudica a ninguén. Cada unha elixe o que máis lle gusta.

Cadro segundo. Os dous albaneses celebran unha festa na honra das irmás. Don Alfonso e Despina, nerviosos ao ver que os homes non se deciden a cortexar a Fiordiligi e Dorabella, danlles unha lección práctica. Por fin, as mulleres acceden a charlar sobre o tema cos disfrazados. Ferrando e Fiordiligi saen dar un paseo, mentres Guglielmo e Dorabella quedan sentados. O segundo logra que a dama acepte un relicario en forma de corazón. Ela, en troques dálle un medallón co retrato de Ferrando. Este último, porén, non obtén un éxito tan doado coa súa parella. O mozo ten dúbidas, aínda que ao mesmo tempo, confía en namorar a Fiordiligi. Cando esta queda soa débátese entre o amor que lle ten a Guglielmo e o que lle inspira Ferrando. Vaise; aparecen os mozos e intercambian as novas. Guglielmo séntese feliz da firmeza de Fiordiligi, mentres que Ferrando arde de rabia ao ver o seu retrato en mans do seu amigo, quen lle di burlonamente que non o tome tan a peito. Ferrando está desesperado e séntese traizoado.

Cadro terceiro. Dorabella cóntalle a Despina que se negou inutilmente a aceptar os requebros de Guglielmo, cousa da que se alea a serventa. Chega Fiordiligi e admite sentirse atraída por Ferrando, a pesar da súa enteireza. Dorabella dille que inconstantes son os xogos do amor, pero a súa irmá aínda ten esperanzas de salvarse e que o mesmo tamén lle suceda a Dorabella. Envían a Despina buscar un par de uniformes dos seus amados que gardan na casa. Disfrazadas de soldados, uníranse a eles. Cando Fiordiligi queda soa, aparece Ferrando e rógalle que o mate. Os últimos bastións da muller caen e admite o amor que lle inspira o mozo. Ambos cantan ledos. Guglielmo que, oculto,

contemplou esta escena, estoupa de rabia, aínda que don Alfonso, que tamén a viu dende o mesmo agocho, trata de facelo entrar en razón. Aparece Despina e dille que as súas señoras están dispostas a casar cos dous albaneses. Os mozos queren castigalas, pero o solteirón failles reflexionar e comprender que todas as mulleres obran de igual xeito, cousa que ao final admiten Ferrando e Guglielmo.

Cadro cuarto. Despina e Don Alfonso dispóñeno todo para a cerimonia. O coro saúda aos futuros esposos. Os catro brindan pola felicidade, aínda que Guglielmo desexa que o viño sexa veneno. Aparece don Alfonso co notario, que non é outro que Despina disfrazada. Celébranse as vodas e cando van asinar o contrato óese unha banda e un coro que entoan un himno. As damas recoñecen a tonada e póñense nerviosas. Don Alfonso sae e entra de novo para dicir que Ferrando e Guglielmo se achegan. Os finxidos albaneses desaparecen nun cuarto próximo. As damas disimulan compostura, aínda que en realidade están moi pálidas, cando entran os militares. Os mozos fan entrar un baúl e ao abrilo atopan a Despina vestida de notario, que lles di que vén dun baile de máscaras. Don Alfonso intencionadamente deixa caer ao chan os contratos matrimoniais. Os militares finxen estupor e póñense a buscar máis probas de infidelidade. Entran no cuarto onde se ocultaron os albaneses e volven aparecer levando parte dos disfraces. As mulleres confesan a súa falta. Entón os mozos descubren toda a comedia. Ledos, os protagonistas cantan a moralexa da ópera: feliz aquel que todo o toma polo lado bo.

19
XULLO
2016

CLAUDE
DEBUSSY
(1862-1918)

PELLÉAS E MÉLISANDE

AUDITORIO DE GALICIA
SALA MOZART 20:00 h

Nova produción do Festival de Aix-en-Provence 2016

En coprodución con: Teater Wielki - Opera Narodowa /
Polish National Opera, Beijing Music Festival

Co apoio da FUNDACIÓN MEYER PARA O
DESENVOLVEMENTO CULTURAL E ARTÍSTICO

Duración 3 h e 30 min (descanso incluído)

Subtítulos en francés

Drama lírico en cinco actos e 12 cadros de
Maurice Maeterlinck segundo a súa peza
Pelléas et Mélisande (1892)

Estreada o 30 abril de 1902
na Opéra Comique de París

| | |
|----------------------------------|------------------------------|
| Dirección musical | Esá-Pekka Salonen |
| Posta en escena | Katie Mitchell |
| Decorados | Lizzie Clachan |
| Vestuario | Chloe Lamford |
| Iluminación | James Farncombe |
| Movemento escénico | Joseph W. Alford |
| Dramaturxia | Martin Crimp |
| Asistente musical | Adrien Perruchon |
| Dirección de canto | David Zobel Ouri Bronchti |
| Asistentes da posta en escena | Robin Tebbutt Gilles Rico |
| Asistente de decorados | Blanca Añón |
| Asistente de vestuario | Marie Szersnovicz |
| Pelléas | Stéphane Degout* |
| Mélisande | Barbara Hannigan |
| Golaud | Laurent Naouri |
| Arkel | Franz-Josef Selig |
| Genoveva | Sylvie Brunet-Grupposo |
| Yniold | Chloé Briot* |
| O doutor | Thomas Dear |
| Actrices | Sarah Northgraves |
| Sacha | Plaige |
| Mia | Theil Have |
| Coro | Cape Town Opera Chorus |
| Director de coro | Marvin Kernelle |
| Orquestra | Philharmonia Orchestra |

ACTO I

Levántase o pano: ao bordo dunha fonte, nun claro do bosque, está sentada unha fermosa rapaza de cabelos louros. Golaud, extraviado durante unha xornada de caza, chega á fonte buscando un animal ferido que desapareceu. A moza asústase cando o home lle fala. Sufriu unha gran dor, pero non o menciona. Vén dun país afastado, pero non di o seu nome. Na fonte caeulle unha coroa. Pero cando Golaud se dispón a buscala porque cre recoñecer nela a causa da súa tristeza, a moza négase. Golaud pregúntalle o seu nome. “Mélisande”, responde ela. Escurece e Golaud convídada ao castelo. Tras un instante de vacilación, Mélisande vaise co príncipe.

Castelo de Allemonde. Genoveva le ao seu sogro o rei unha carta que recibiu Pelléas de parte de Golaud; este informa de que hai meses casou coa misteriosa moza do bosque, á que ama profundamente, sen saber máis dela que o primeiro día. Agora regresará coa súa esposa ao castelo do seu pai Arkel. Se o rei acepta recibir a Mélisande debe acender na costa unha luz que Golaud poida ver desde a nave. Arkel acepta, pois xa pensara na posibilidade de que casase Golaud, que hai moito que é viúvo e vive só co seu pequeno fillo Yniold. Pelléas entra no salón; quere pedir permiso para visitar un amigo enfermo pero o rei ordénalle agardar. Pelléas será quen acenda o facho cando chegue Golaud coa súa nova esposa.

Mélisande e Genoveva camiñan polos sombríos carreiros do parque do vello castelo. Chega Pelléas desde a beira do mar. Óense afastados cantos de pescadores e mariñeiros. Luces de barcos atravesan a crecente escuridade e permiten intuír a distancia e a nostalxia. Pelléas acompaña a Mélisande polo sinuoso carreiro até o castelo. Mélisande

ten os brazos cargados de flores. Cando Pelléas anuncia a súa próxima viaxe, ela sorpréndese coma unha nena. Chegan Pelléas e Mélisande. A moza senta no bordo de mármore e mira cara á profundidade. “Ninguén viu nunca o fondo”, explica Pelléas. “Pero veríase relucir algo brillante no fondo?”, pregunta Mélisande. Quere tocar o espello de auga, pero non chega coas mans; só o seu longo cabelo chega até a auga. Lembra que foi precisamente así como coñeceu a Golaud. Non quería que Golaud a abrazase. “Por que?”, quere saber Pelléas. “Porque vía algo no fondo”, responde Mélisande misteriosamente. Entón ponse a xogar como unha nena co anel que lle deu Golaud: arróxao ao aire e cólleo. Pero o anel cae na fonte. Mélisande arrepíase. Que lle dirá a Golaud? “A verdade”, recoméndalle Pelléas.

ACTO II

Golaud está ferido; o seu cabalo tropezou no mesmo instante en que Mélisande perdeu o anel. A súa nova esposa cóidao. De súpeto, Mélisande rompe en bágoas, pero as súas explicacións son vagas. A tristeza do vello castelo, a súa frialdade... Viu por primeira vez un anaco de ceo. Golaud toma as súas mans e fálalle bondadosamente, como un pai á súa filla pequena. De súpeto advirte a falta do anel. Mélisande non di a verdade: talvez o perdeu na gruta onde adoita xogar con Yniold. Golaud quere que vaia buscalo inmediatamente.

Pelléas e Mélisande entran de noite na gruta, que ten un encanto misterioso e estraño. Óese o ruxir do mar. Coa lanterna iluminan a tres esmoleiros que dormen sobre as rochas. No país reinan a miseria e a fame. Profundamente impresionada polo descubrimento, a nova princesa busca a saída.

ACTO III

Golaud leva a Pelléas aos recintos subterráneos do castelo. Cheira a descomposición e todo está poboado de sombras mortais. A escena é breve, pero enche de intensa emoción. Os homes regresan pronto á superficie; Pelléas respira aliviado. Golaud advírtelle que non xogue con Mélisande. Hai que evitarlle toda excitación, pois axiña será nai. No parque do castelo pasean Golaud e o seu pequeno fillo Yniold. O pai pregúntalle polo que fan e din Pelléas e Mélisande cando están xuntos co neno. Yniold respóndelle con toda inocencia como se bicaron unha vez. Golaud levanta a Yniold para que poida mirar pola xanela de Mélisande, e pode vela no seu cuarto con Pélleas.

ACTO IV

O príncipe estivo co seu avó, que acaba de restablecerse dunha grave enfermidade e aconselloulle facer unha viaxe. Pelléas quere ver a Mélisande por última vez, pois nunca máis pensa regresar desa viaxe. Por tanto atoparanse no parque, preto da fonte... Aparece Arkel; está preocupado por Mélisande, pois sempre a ve triste. Pensa se lle axudaría reformar o castelo para que penetre máis luz. Vén Golaud e establece unha terrible disputa coa súa esposa; con odio mortal, arrástraa polo cuarto tirando dos seus longos cabelos.

Pelléas espera a Mélisande na fonte. A noite cae sobre o parque. Despois das primeiras palabras vacilantes irrompe a confesión inevitable: “ámote”. Mélisande ve, como se espertase dun soño, a Golaud, que se achega espada en man. Os amantes non se moven, agardan xuntos o golpe mortal. O golpe alcanza a Pelléas na cabeza. Mélisande foxe, perseguida por Golaud.

ACTO V

Mélisande, rodeada por Arkel, Golaud e un médico, esperta despois de estar inconsciente durante moito tempo. Non parece lembrar nada. A petición súa ábrese unha xanela para que poida ver a posta do sol. Golaud interrógaa como posuído, pero o corazón puro de Mélisande está lonxe de todas as cousas terreas que Golaud quere saber. Mélisande mira por última vez a súa filla, que acaba de nacer, e morre como se se fose afastando lentamente de todas as cousas humanas. “Unha vida termina, outra comeza...”, di Arkel e toma en brazos a nena.

FESTIVAL
'AIX
EN PROVENCE

FESTIVAL
D'AIX-EN-PROVENCE
30 JUIN - 20 JUILLET 2016
WWW.FESTIVAL-AIX.COM




bracht events



Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
info@auditoriodegalicia.org
www.compostelacapitalcultural.org

 CompostelaCapitalCultural

 CCultura

